

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE FEBREIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 15 de febreiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución de Presidencia número 8462 de 16/02/2022, Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de socorrismo dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- R.P. 2022/8469 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da modificación das bases do Programa FO106/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- R.P. 2022/8470 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da modificación das bases do Programa FO206/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- R.P. 2022/8471 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da modificación das bases do Programa FO207/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).

- R.P. 2022/8472 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da modificación das bases do Programa FO261/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- R.P. 2022/8469 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, respecto da modificación das bases do Programa FO106/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- R.P. 8459/2022 Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais, respecto da modificación das bases do Programa FOAI/2022. (Boletín Oficial da Provincia número 34, do 18 de febreiro de 2022).
- Real Decreto 146/2022, de 18 de febreiro, da Presidencia do Goberno, polo que se declara luto oficial con motivo do naufraxio do barco pesqueiro Villa de Pitanxo en augas de Terranova, Canadá. (Boletín Oficial do Estado número 43, do 19 de febreiro de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 187/2022 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 237/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
187/2022	11-02-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de febreiro de 2022
188/2022	11-02-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
189/2022	11-02-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
190/2022	11-02-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
191/2022	11-02-2022	Inicio novo prazo de presentación de solicitudes programa de actividades "Obradoiros e Xogos no Entroido 2022"
192/2022	11-02-2022	Solicitud de subvención Red Natura 2000 de Galicia
193/2022	11-02-2022	Incoar expediente de expropiación forzosa Estrada Cambre-Temple, Esquina rúa Carballo, Cambre
194/2022	14-02-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 17 de febreiro de 2022
195/2022	14-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 90.876,87€
196/2022	14-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 12.107,79 €
197/2022	14-02-2022	Reposición legalidade urbanística a Pub Beagle sito en Tapia, parroquia do Temple, polo exercicio de actividade nunha zona aberta, sen título habilitante
198/2022	14-02-2022	Devolución de ingresos indebidos presentado por dona MMV por importes elevados por presunta avaría na instalación no recibo 3908/203 de subministración de auga, rede de sumidoiros e depuración



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

199/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: NCS
200/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social aluguer febreiro 2022 por importe de 375 euros. Solicitante: EYRL
201/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SRMP
202/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: CLAH
203/2022	14-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 17.998,58 euros
204/2022	14-02-2022	Aprobacion da conta xustificativa do ACF 2/2021 Servizos sociais
205/2022	14-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras en Quintan, Cecebre, consistentes na construción dun muro de formigón de contención de terras; un peche na parte superior do antedito muro de formigón e a existencia de acopios de materiais diversos na marxe do camino público municipal 1c.10492. Titular: FAR
206/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AEG
207/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMM
208/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LSAO
209/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJCG
210/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RMRA
211/2022	14-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MRSF
216/2022	15-02-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xaneiro de 2022
212/2022	16-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ARR
213/2022	16-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KDSC
214/2022	16-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AVD
215/2022	16-02-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: KRR
217/2022	16-02-2022	Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 mes de febreiro
218/2022	16-02-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
219/2022	16-02-2022	Patrocinio dos trofeos do XXXIX torneo de tute organizado pola Asociación C.R.I. de Lema
220/2022	16-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras de reforma en edificación sita en estrada Espiritu Santo, Cecebre, sen título habilitante. Propiedade: JFPR
221/2022	16-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución do entubado e formigonado da cuneta en Aian, Sigrás, sen adaptarse á comunicación previa presentada 2021/U026/000134
222/2022	16-02-2022	Conceder a licenza municipal para a ocupación de 54 m ² de vía pública polo prazo de 1 mes na rúa Río Brexa, fronte á fachada principal do edificio sito na dita rúa, para a instalación dun andamio con motivo das obras de reparación e revestimento das fachadas das bufordas do referido edificio. Solicitante: BDyR, S.L.
223/2022	16-02-2022	Reposición legalidade urbanística por movementos de terras (escavación, estendido e acopio de terras) vertido e estendido en zonas parciais de árido ou material triturado e pola demolición dunha construción auxiliar existente na parcela sita en Piñeiro, Brexo , sen axustarse á licenza concedida en expte 01/129/99. Propiedade: JDCN
224/2022	16-02-2022	Subministración de material de papelería e oficina para o desenvolvemento dos cursos do Plan AFD 2021 22 e do Obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB III 2021-2022
225/2022	17-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.944,92 €
226/2022	17-02-2022	Subvención Agader : plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023
227/2022	17-02-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 6.400,14 €
228/2022	17-02-2022	Medidas a adoptar con motivo da declaración de loito oficial en Galicia por mor do naufraxio do buque pesqueiro Villa de Pitanxo
229/2022	17-02-2022	Expediente de transferencia de crédito 1/2022 Servizo de atención temperá
230/2022	17-02-2022	Reposición legalidade urbanística pola realización de obras en finca sita en Fontenla, s/n, Cambre sen título habilitante. Propiedade: JCNP
231/2022	17-02-2022	Solicitude de subvención ao amparo da convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2022) dirixida a concellos e entidades locais da provincia da Coruña para contratar persoal técnico deportivo
232/2022	17-02-2022	Solicitude de subvención ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, para o ano 2022
233/2022	17-02-2022	Novo número mínimo de prazas para levar a cabo o programa de

		actividades "Obradoiros e Xogos no Entroido 2022" e os servizos complementarios que o comprenden
234/2022	17-02-2022	Rectificar o erro material existente na resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 193/2022, do 11 de febreiro
235/2022	17-02-2022	Nomeamento conserxe interino para cobertura incapacidad temporal MJAC
236/2022	17-02-2022	Expediente de incorporación de remanentes 4/2022
237/2022	17-02-2022	Expediente de incorporación de remanentes 5/2022

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000003, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente ao "Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares"

- Desestimación da proposta de modificación do prazo de duración fixado no contrto de servizo de "Producción do evento cromático "Mural Fest" que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa "Mocearte". Expediente núm. 2020/C004/000010

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

"A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2022/C004/000003, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente ao "Servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares"

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 2 de febreiro de 2022, elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal a memoria xustificativa para a contratación do servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, na que constan a necesidade para iniciar expediente de contratación, a natureza e extensión das necesidades a cubrir, a insuficiencia de medios, a motivación da non división en lotes e a xustificación da elección do procedemento, cun valor estimado de 89.457,50 euros e un orzamento base de licitación de 54.050,00 euros sen IVE, 59.455,00 euros IVE incluído.

Con data do 3 de febreiro de 2022, elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal e polo concelleiro-delegado de Educación, mobilidade, medioambiente e sanidade, informe relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores e condicións especiais de execución para a contratación do servizo de catering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares.

Con data do 2 de febreiro de 2022, elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas particulares que rexen a realización da prestación.

Consta documento de retención de crédito con data 3 de febreiro de 2022 respecto da existencia no orzamento de 2022 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 326.22709.

Con data 2 de febreiro de 2022 elaborouse polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal informe relativo á non existencia de duplicidades na prestación do servizo de referencia, complementado co informe de sustentabilidade financeira emitido polo interventor municipal emitido con data do 11 de febreiro de 2022.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de febreiro de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido conxuntamente pola secretaria accidental e polo o interventor municipal, de data 21 de febreiro de 2022, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para a o “Servizo de cátering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares” ao tratarse dunha prestación complementaria do programa de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, que se vén desenvolvendo dende hai máis de 10 anos, para cumprir co obxectivo principal de contribuir á conciliación da vida familiar e laboral das familias do municipio, isto de acordo co disposto no art. 3 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre segundo establece o art. 25.2.I da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, co que queda debidamente xustificada a necesidade de contratación para cumprir cos fins institucionais segundo o previsto nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C004/000003, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente ao “Servizo de cátering para os participantes de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares”, cun valor estimado de 89.457,50 euros e un orzamento base de licitación de 54.050,00 euros sen IVE, 59.455,00 euros IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 326.22709, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: A sra. concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dona M^a Dolores Pan Lesta, e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A dinamizadora cultural municipal, dona María Pilar Paz Delgado, e como suplente, a coordinadora de Deportes municipal, dona Cristina Sanmartín Saavedra

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca, e como suplente a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría dona Verónica M^a Otero López

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Desestimación da proposta de modificación do prazo de duración fixado no contrato de servizo de “Producción do evento cromático “Mural Fest” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa “Mocearte”. Expediente núm. 2020/C004/000010

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de febreiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2020, fóra da orde do día e logo da declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, incoou o expediente de contratación ordinario núm. 2020/C004/000010, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á Producción do evento cromático “MURAL FEST” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre, dentro do seu programa “MoceArte”, a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga ao 2022, cun valor estimado de 88.166,82 euros e un orzamento base de licitación de 64.655,68 euros, IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público (en diante, LCSP).

O expediente foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de maio 2021 á empresa "ERP Publicidade SL", no prezo anual ofertado de 22.976,81 € sen IVE, 27.801,94 euros IVE incluído, formalizándose o contrato o 12 de xullo de 2021.

Na cláusula IV do contrato formalizado indicábase:

*"De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, **"a duración do contrato será durante os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prorrogarse ao ano 2022,** previo acordo do órgano de contratación adoptado polo menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración principal do contrato.*

A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista a teor do establecido no art. 29.2 da LCSP.

Dentro de cada ano natural, o prazo de realización do evento será de sete días naturais consecutivos, realizándose, como norma xeral a principios do verán e comezando o primeiro luns posterior ao 24 de xuño. No ano 2020, e debido á excepcional situación que se está vivindo xerada pola crise sanitaria da Covid-19, as datas de realización do evento acordaranse entre o Concello de Cambre e a entidade adxudicataria, prevéndose que leve a cabo durante o outono.

Celebrarase de luns a domingo.

Faise constar expresamente que o evento correspondente á anualidade 2020, que estaba previsto realizar no outono do ano 2020, non se levou a cabo".

Con data 17 de novembro de 2021, rexístrase de entrada, ao número 202199900004855, escrito a instancia da empresa adxudicataria, "EPR Publicidad, S.L." nos seguintes termos:

"(...)

SEGUNDO.- Que o Concello de Cambre decidiu non convocar o evento no ano 2020, como era a súa obrigaón de conformidade co prego anteriormente sinalado, xustificando a falta de convocatoria e sinalización de datas para a súa celebración, por motivos de COVID19, e en especial polas restricións que legalmente se foron aprobando e impondo en canto a reunións de persoas. Dita decisión foi comunicada á empresa adxudicataria, a cal mostra a súa conformidade coa decisión tomada, pero entendendo que se ampliará o lazo de execución do servizo un ano máis, isto é, procederase a convocar e celebrar o Festival nos anos 2021 e 2022, con posibilidade de prórroga no ano 2023, tendo en conta que o orzamento que se aprobou o era para dúas anualidades, con posibilidade de prórroga, e a resolución de aprobación da licitación así o establece tamén; o obxecto do servizo é a realización do evento de arte urbana Cromática Mural Fest en Cambre dous anos, con posibilidade de prorrogarse un ano máis.

TERCEIRO.- Non pode prexudicar á empresa adxudicataria a decisión unilateral de suspensión do evento no ano 2020 tomada polo Concello de Cambre. Esta parte entende que no presente caso debe procederse a unha modificación da prestación do servizo non prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, tendo en conta que a modificación exposta (celebración do Evento nos anos 2021 e 2022, e posible prórroga no ano 2023) atópase debidamente xustificada. En primeiro lugar a suspensión do evento para o ano 2020 respondeu a un causa sobrevida (Covid19 e as limitacións legalmente establecidas para a celebración de eventos que implicasen reunión masiva de público); en segundo lugar a modificación non altera a natureza global do contrato; en terceiro lugar a modificación non altera a contía do contrato. A propia Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

no seu artigo 205 recolle a posibilidade de modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares: prestacións adicionais, circunstancias imprevisibles e modificacións non substanciais.

En base a todo o anterior, esta parte solicita que se proceda á modificación do servizo nos termos sinalados, de modo que se acorde que os eventos incluídos no prego de condicións sexan os correspondentes aos anos 2021 e 2022, con posibilidade de prorrogalo o ano 2023”.

A solicitude foi informada polo coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, con data de 9 de febreiro de 2022, concluíndo:

“(…)

Primeiro: Que non existe posibilidade de modificación do contrato nas condicións solicitadas.

Segundo: Que non existe posibilidade de prorrogar o contrato ao non recibir a solicitude de prórroga con ao menos tres meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato principal.

Terceiro: Comunicar a necesidade de incoar un novo expediente de contratación”.

Igualmente, con data de 21 de febreiro de 2022 emitíuse informe-proposta pola Secretaría e Intervención municipais.

Á vista de canto antecede, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Desestimar a solicitude rexistrada de entrada con data 17 de novembro de 2021, ao número 202199900004855, a instancia da empresa “EPR Publicidad, S.L.”, adxudicataria do servizo de “Producción do evento cromático “Mural Fest” que organiza o departamento de Xuventude do Concello de Cambre dentro do seu programa “Mocearte”, respecto de que “se proceda á modificación do servizo nos termos sinalados, de modo que se acorde que os eventos incluídos no prego de condicións sexan os correspondentes aos anos 2021 e 2022, con posibilidade de prorrogalo o ano 2023, a realizar nos anos 2020 e 2021 con opción de prórroga a 2022”.

Isto, porque a LCSP soamente prevé a modificación do contrato (artigo 203):

a) Cando así se **previu no prego de cláusulas administrativas particulares**, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o **artigo 205**.

A modificación do prazo de duración do contrato que nos ocupa non obedece a ningún destes supostos, pois nin resulta subsumible en ningunha das previsións do artigo 205 da LCSP, nin se prevé no prego de cláusulas administrativas particulares, onde soamente se establece a modificación do contrato respecto da variación ou suspensión dalgunha das actividades prefixadas (cláusula 25).

A maior abundamento, as circunstancias alegadas polo contratista (crise sanitaria orixinada pola COVID-19) xa existían no momento de formalización do contrato (12 de xullo de 2021), e **ambas partes aceptaron a súa duración, nos seguintes termos**:

*“De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, **“a duración do contrato será durante os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prorrogarse ao ano 2022,** previo acordo do órgano de contratación adoptado polo menos con tres meses de antelación á finalización do prazo de duración principal do contrato.*

A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista a teor do establecido no art. 29.2 da LCSP.

Dentro de cada ano natural, o prazo de realización do evento será de sete días naturais consecutivos, realizándose, como norma xeral a principios do verán e comezando o primeiro luns posterior ao 24 de xuño. No ano 2020, e debido á excepcional situación que se está vivindo xerada pola crise sanitaria da Covid-19, as datas de realización do evento acordaranse entre o Concello de Cambre e a entidade adxudicataria, prevéndose que leve a cabo durante o outono.

Celebrarase de luns a domingo.

Faise constar expresamente que o evento correspondente á anualidade 2020, que estaba previsto realizar no outono do ano 2020, non se levou a cabo”.

Polo que, de conformidade co artigo 311.1 da LCSP: “... o contrato executarase con suxección ao establecido no seu clausulado e nos pregos ...”.

Segundo: Notificar á entidade adxudicataria, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Óscar A. García Patiño

Verónica Maria Otero López